



CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DETERMINADOS CONCELLOS PARA INCENTIVAR E FOMENTAR O MANTEMENTO E LIMPEZA DA MALEZA NAS INFRAESTRUTURAS RURAIS, DETERMINADAS FINCAS E AS REDES SECUNDARIAS DE FAIXAS DE XESTIÓN DE BIOMASA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural, **DECLARA:**

De acordo co artigo 22 e seguintes do citado Decreto 166/2015, do 13 de novembro, correspóndelle á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural o exercicio das funcións da Consellería do Medio Rural no referente á elaboración, proposta e desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora e modernización das infraestruturas rurais e do medio rural co obxectivo directo da mellora da calidade de vida das zonas rurais s, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestrutura, sen prexuízo das competencias doutros departamentos da Xunta de Galicia, así como todos os asuntos referentes á reforma das estruturas agrarias e á preparación, execución e vixilancia dos seus correspondentes plans e programas de reforma das estruturas.

Dentro dos plans de actuacións anuais de concentración/reestruturación parcelaria e de mellora das infraestruturas rurais da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural inclúense:

- A construción de camiños principais e secundarios para dar acceso ás novas fincas de reemprazo, de acordo co artigo 60.2.a) da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que con posterioridade son entregadas aos concellos, pasando a ser de titularidade municipal correspondendo a eles a súa conservación e mantemento.
- A mellora da rede viaria a través dos Plans Marco de mellora de camiños de titularidade municipal.
- Actuacións directas da Consellería do Medio Rural na mellora das infraestruturas rurais mediante a sinatura de convenios de colaboración cos concellos.
- A Lei 4/2015 define as masas común dos procesos de concentración/reestruturación parcelaria como un conxunto das fincas remanentes resultantes do axuste técnico para a compensación entre





achegas e atribucións. O destino e titularidade destes terreos quedan establecidos no artigo 34 da citada Lei, podendo ser destinatarios en determinados casos os Concellos.

Tendo en conta que:

- Os concellos teñen atribuídas, a teor do artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), competencias en materia de conservación de camiños e vías rurais e prevención e extinción de incendios.
- A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece as distancias mínimas de desbroce e as zonas de seguridade respecto de casas illadas e núcleos de poboación e redes primarias (infraestruturas lineais de prevención e defensa) de faixas de xestión da biomasa e de seguridade libres de maleza.
- As redes secundarias de faixas de xestión de biomasa teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais.
- Galicia ten unha das redes viarias máis amplas de España, máis de 17.000 quilómetros, incluíndo as vías de titularidade estatal, autonómica, deputacións e concellos. Existe lóxicamente unha relación entre a lonxitude total do viario de dependencia municipal e a extensión superficial e a poboación, pero tamén outros factores inciden de maneira relevante como son a dispersión dos núcleos, o tamaño das parcelas e a orografía sendo os concellos de menos de 10.000 habitantes supón case o 65 % do total, sendo a correspondente proporción moi superior no viario interurbano que no urbano.
- A conservación das estradas e camiños en Galicia necesita dunha importante cantidade de recursos e de grandes esforzos. A conservación en bo estado e libre de maleza das cunetas e das marxes dos camiños e estradas é un elemento de vital importancia para manter o bo estado dos firmes e a seguridade na circulación sobre eles e para a prevención de incendios.
- O mantemento en bo estado e libre de maleza das masas comúns das zonas de concentración/reestruturación parcelaria é unha obriga legal para o titular da masa común.

Así, esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural considera necesario formalizar convenios de colaboración, para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, cos concellos que así o soliciten e que sexan seleccionados de acordo co establecido no expoñendo noveno do texto do convenio no que se establece :

“...A colaboración que se pretende con este convenio, de claro interese público e social, presenta dificultades para promover a súa concorrencia pública, conforme ao disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia,





xa que a Consellería do Medio Rural quere centrar a súa actuación, nun mínimo de cinco concellos por Provincia, nos concellos que teñan un maior número de entidades singulares de poboación de acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística do ano 2017 e de maior superficie e que:

- 1. Non teñan unha poboación superior aos 10.000 habitantes de acordo co último dato publicado polo Instituto Galego de Estatística do Padrón municipal de habitantes (datos do 1/1/2017)*
- 2. Non teñan asignadas motobombas novas por parte da Consellería do Medio Rural nos últimos 5 anos.*
- 3. Non tiveran subvención dentro do Plan específico para o ano 2017 do convenio de colaboración suscrito entre a consellería do medio rural e algunhas entidades locais para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa.*
- 4. Non renunciaran no ano 2017 ao citado Plan Específico.*

E que cumpran ademais algunha das seguintes condicións:

a) Que teñan suscrito coa Consellería do Medio Rural o Convenio para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018 incluíndo as tres accións de participación na defensa contra incendios forestais mediante a actuación de vehículos motobomba de propiedade municipal, a realización de tratamentos preventivos de xeito mecanizado e a contratación de brigadas para o desenvolvemento de labores de vixilancia e defensa e para a realización de traballos de prevención de forma manual.

b) Que teñan recoñecida a titularidade de fincas propias do Banco de Terras de Galicia sen vocación agraria, conforme ao disposto na Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

Entre os concellos que cumpran cos requisitos anteriormente expostos, a prioridade establécese con base aos seguintes requisitos:

- Por un maior número de entidades de poboación, segundo os datos recollidos no IGE de data 1/01/2017. Este factor terá un peso do 75%.*
- Pola maior superficie do concello, segundo os datos recollidos no IGE de data 1/01/2017. Este factor terá un peso do 25%."*

Que o instrumento convencional ten por obxecto :

A adquisición dun (1) vehículo tractor novo e dous apeiros desbrozadoras (unha de arrastre e outra de brazo) novos para os seguintes concellos:





Concello	Obxecto	Data da sinatura	Importe
A Veiga	Convenio de colaboración co concello de A Veiga para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
Abadín	Convenio de colaboración co concello de Abadín para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
As Somozas	Convenio de colaboración co concello de as somozas para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
Bande	Convenio de colaboración co concello de Bande para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
Baralla	Convenio de colaboración co concello de Baralla para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
Cartelle	Convenio de colaboración co concello de Cartelle para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
Cuntis	Convenio de colaboración co concello de Cuntis para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
Dozón	Convenio de colaboración co concello de Dozón para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
Maceda	Convenio de colaboración co concello de Maceda para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
Mazaricos	Convenio de colaboración co concello de Mazaricos para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
Mondoñedo	Convenio de colaboración co concello de Mondoñedo para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
Navia de Suarna	Convenio de colaboración co concello de Navia de Suarna para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	27/08/2018	85.000 €
O Valadouro	Convenio de colaboración co concello do Valadouro para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
Portas	Convenio de colaboración co concello de Portas para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
Ribadumia	Convenio de colaboración co concello de Ribadumia para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
Vedra	Convenio de colaboración co concello de Vedra para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
Vimianzo	Convenio de colaboración co concello de Vimianzo para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
Xinzo de Limia	Convenio de colaboración co concello de Xinzo de Limia para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €
Zas	Convenio de colaboración co concello de Zas para mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais	24/08/2018	85.000 €

O vehículo tractor e os apeiros deberán cumprir as características técnicas mínimas que se detallan no anexo ao Convenio.

O orzamento máximo de gasto subvencionable para a adquisición do vehículo tractor e dous apeiros desbrozadora (unha de arrastre e outra de brazo) novos é de 85.000 €. O IVE non será subvencionable.





O orzamento global destinado para a sinatura destes convenios é de 1.615.000 € de fondos propios libres dentro da aplicación orzamentaria 13.04.551A.7600, proxecto contable 201700084 CONVENIO CON CONCELLOS na anualidade 2018.

Os Concellos deben comprometerse a:

- Utilizar o vehículo tractor coa desbrozadora para os labores de desbroce nos camiños e estradas de titularidade municipal así como nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa de ámbito municipal para a protección dos núcleos poblacionais, as infraestruturas, equipamentos sociais, zonas edificadas, parques e polígonos industriais e, de selo caso, parcelas procedentes da masa común en procesos de concentración/reestruturación parcelaria, cuxas fincas están incorporadas ao Banco de Terras de Galicia cando se recoñeza a titularidade municipal conforme ao disposto na disposición da Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.
- Ter o tractor cos apeiros en perfectas condicións mecánicas e de dotación, así como estar ao corrente en toda a documentación do vehículo cumprindo coas obrigas administrativas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de aseguramento, impostos, etc.
- O vehículo estará vinculado ao cumprimento desta finalidade durante a súa vida útil e en ningún caso por un tempo inferior a 5 anos.
- Efectuar as reparacións e revisións o antes posible e sempre a conta deste, para garantir o seu continuo funcionamento.
- Facer figurar expresamente o financiamento da Consellería do Medio Rural en lugar ben visible.
- Cumprir co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.
- Facilitar a inspección e control da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas.

O concello asinante estará obrigado a xustificar ante a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, antes do 9 de novembro 2018, o cumprimento da finalidade da convenio e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada.

O Convenio producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Dirección Xeral de

Desenvolvemento Rural

galicia

Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

Santiago de Compostela,

O director xeral de Desenvolvemento Rural

ASINADO DIXITALMENTE

Miguel Ángel Pérez Dubois

